

## MAQUILLAXE PERMANENTE

# CANDO O CAPRICH DURA MENOS NA PEL

**Doce de cada cen europeos levan polo menos unha tatuaxe.** E desde 2003, a porcentaxe aumentou un 7 %. Pero non é a única forma de decorar a pel. A esta tendencia únese outra máis puxante: a **maquillaxe permanente de ollos, cellas e ata beizos.** Ten unha menor duración potencial, pero aplícase con fins estéticos e descubríronse beneficios sanitarios, poscirúrxicos. Dous expertos analizan as bondades e riscos desta moda crecente.



**A**s tatuaxes, eses debuxos máis ou menos artísticos que se inmortalizan con tintas de cores debaixo da pel, ademais de enfrontar a país do século pasado cos *millennials* e –non digamos– cos alevíns da *xeración Z*, teñen unha propiedade: son para sempre. Xa existían no Neolítico, fai máis de 5 000 anos: Ötzi, o *home das neves* que apareceu momificado en 1991 nos Alpes, levaba as costas e os xeonllos coma un futbolista moderno, calladas de tinta. Seguramente tiñan moito que ver con símbolos tribais ou gremiais (era cazador), lonxe da función estética de hoxe.

A esta moda de vocación perenne que se disparou nos últimos 15 anos, sumouse outra transitoria, a maquillaxe permanente, que debuxa cellas, contornos de beizos e ata marca a liña dos ollos (*eyeliner*) coa promesa de gozar dunha mirada magnética sen ter que recorrer á maquillaxe diaria. Ao contrario do que suxire o seu nome, aquí o debuxo non é (de todo) permanente: desaparece co tempo. En

xeral, nun ou dous anos. A maquillaxe permanente tamén colorea a pel, pero só a súa capa máis superficial (epiderme). Ademais, as tintas que usa conteñen excipientes (glicerina, auga...) que permiten que o organismo as asimilen. Tamén varía a composición das cores, que non son tan vivas coma nas tatuaxes, senón máis parecidos ás gamas empregadas na maquillaxe.

Sen cifras oficiais do sector, nin sobre o número de centros nin do de profesionais que realizan a maquillaxe permanente en España, os expertos recoñecen que estamos ante unha tendencia que crece: e non só entre mulleres, senón tamén entre os homes. As zonas máis demandadas son os ollos, seguidos das cellas (que se reenchén para aumentar o seu volume) e os beizos.

Esta técnica da micropigmentación, popularizada pola súa aplicación como método de maquillaxe facial semipermanente, tamén se emprega para corrixir cicatrices e queimaduras, e ata para reconstruír a aréola ás mulleres con cancro de mama. Os prezos non parecen aptos para todos os petos: oscilan entre os 300 e os 500 euros. E aínda hai que contar coas sesións de repaso .



## O Ministerio de Sanidade recomenda asegurarse de que a clínica escolleita usa produtos autorizados, cumpre os requisitos legais e ten profesional cualificado.

### **UNHA MAQUILLAXE QUE CURA.**

A maquillaxe permanente como método reparador tivo durante anos un fondo benéfico. A iniciativa #AreolaSolidaria, da Asociación española de micropigmentación estética, paramédica y oncológica, que realiza a reconstrución de mamila de forma gratuíta a todas aquelas persoas que sufriron unha mastectomía. E non están sos: tatuadores (neste caso de tatuaxe permanente) de toda España agrupáronse na plataforma *Tatuaje solidaria con el cáncer de mama* para axudarlles ás mulleres doentes tamén de forma gratuíta. Pero este 2018 hai unha boa nova: desde abril forma parte dos tratamentos costeados pola sanidade pública. A práctica xa a realizan algúns hospitais españois, entre eles, o Ramón y Cajal de Madrid ou o Hospital Universitario de Torrejón. Pero pronto poderían ser máis.

### **NON DEIXA DE SER UN CAPRICHIO.**

Antes de lanzarse ás mans dun maquillador permanente por pura estética, os profesionais aconsellan meditalo, e non deixarse levar polo impulso. Se o/a paciente decide facelo, deixará de lado o lapis de beizos durante un tempo, pero se non lle gusta o resultado o pigmento pode tardar ata cinco anos en ser eliminado completamente, e durante ese tempo, a pigmentación pode variar a súa cor inicial. O Ministerio de Sanidade ademais recomenda asegurarse de que a clínica escolleita usa produtos autorizados, cumpre os requisitos legais e conta cun profesional cualificado en micropigmentación e unhas condicións hixiénicas adecuadas. Doutra banda, como todos os procedementos estéticos, a arte da persoa que o realiza xoga un papel importante no resultado final, xa que pode ser moi natural ou, pola contra, chamar a atención pola súa artificialidade.

Os riscos son mínimos, pero a maquillaxe permanente implica facer pequenas picadas cunha agulla na pel, polo que a zona pode inflamarse e dar lugar a unha lixeira costra. Os profesionais, por iso, reiteran: sempre hai que buscar a un maquillador experimentado, pedir a documentación, e esixir unhas condicións mínimas de hixiene.

## Cifras a flor de pel

# 2 anos

de duración media ten a maquillaxe permanente.

# De 2 a 3

semanas tarda en desaparecer a inflamación aguda (pouco habitual) dunha maquillaxe permanente.

# 80 %

das tintas para maquillaxe permanente son europeas. O resto chegan dos **EUA** e **Asia**.

# 5 sesións

son precisas para **eliminar unha maquillaxe permanente** cun láser Q-switched (pulsión de luz a alta intensidade).

# 300-500 €

é o tramo de prezos (cellas, labios ou auréola do peito) **nunha clínica privada**.

# 60 millóns

de cidadáns europeos están tatuados, segundo a **Comisión Europea**.

# 5 anos

é o tempo que tardan as tintas de maquillaxe permanente **en desaparecer por completo**.

## O experto



### Donís Muñoz

“Facer unha maquiillaxe permanente debe ser unha opción meditada: algo pode saír mal”

A vida de Donís Muñoz, dermatólogo membro da Academia Española de Dermatología y Venereología, deu un xiro hai 10 anos. “Foi a raíz de atender a un par de pacientes con reaccións adversas nas súas tatuaxes cando comecei a interesarme polo tema ata centrar a miña carreira neles”, di este valenciano de voz rápida e enérxica, que cando colga bata, e pode, lle gusta viaxar a Asia, en especial á India. E este interese fíxolle converterse nun dos maiores expertos en tatuaxes de España (é autor de *Tratado sobre los tatuajes*, Ed. Journal) e da súa puxante irmá pequena: a maquiillaxe permanente.

#### É unha boa opción a maquiillaxe permanente?

É unha alternativa fácil á maquiillaxe. Emprégase en beizos, cellas e ollos, e dura uns dous anos. Tamén axuda a persoas con alerxia á maquiillaxe, con problemas de visión ou que non poden pintarse por tremores ou artroses nas mans ou por párkinson.

#### Entón non é tan permanente como suxire o seu nome...

Non, non é permanente. En realidade, sería máis exacto chamarlle maquiillaxe semipermanente. A diferenza da tatuaxe artística, a maquiillaxe hai que retocala. As tintas empregadas están concibidas para

degradarse e así poder modificar o debuxo co cambio de moda ou cando o paso dos anos modifica a estrutura da cara.

#### As tintas dos tatuaxes foron obxecto de polémica polas súas implicacións para a saúde. Esta técnica usa as mesmas coloracións?

Non, non son as mesmas. Mentres a tatuaxe artística emprega pigmentos sintéticos orgánicos do tipo azoicos [con compostos que xeran cores vivas] a permanente usa pigmentos inorgánicos, sales metálicos como o óxido de ferro, o dióxido de titanio ou o óxido de zinc. As tintas do permanente ademais deposítanse máis superficialmente e degrádanse co tempo.

**E estes pigmentos son seguros?** As tintas da maquiillaxe permanente son máis seguras, e o risco apenas existe. A diferenza das coloracións da tatuaxe artística, veñen en envases individuais e estériles ata a súa utilización.

#### Entón, os controis sanitarios que pasan son suficientes?

España é un dos países cunha lexislación sobre tintas para maquiillaxe permanente e tatuaxes máis esixente de Europa, un control que exerce a través da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios. Con todo, boa parte das tintas que se empregan en España –e o resto de Europa– para as tatuaxes artísticas non están homologadas, xa que proceden dos Estados Unidos de América, e a súa axencia reguladora dos medicamentos (Food and Drug Administration, FDA) non exerce tanto control. Se a isto engadimos a compra de tintas a través de internet, resulta difícil controlar o mercado das tintas en xeral. A cousa cambia no caso da maquiillaxe permanente: España é un país referente na creación e exportación de tintas para micropigmentación, e estas reúnen unhas condicións de seguridade suficientes.

**“Convén tomar co móbil unha fotografía do frasco da tinta. Na etiqueta debe figurar a marca do fabricante, o número de rexistro sanitario, o índice de cor, a composición e o lote”.**



**Con outra tinta.** Para a maquiillaxe utilízanse pigmentos inorgánicos, estériles ata a súa utilización.



**Na súa experiencia, facer unha maquillaxe permanente implica riscos para a saúde?** Os riscos son pequenos, menores ca no caso da tatuaxe artística. As *tatuaxes* cosméticas usan compoñentes naturais coñecidos hai centenaes de anos. A posibilidade de allexia é pequena, xa que as tintas son fundamentalmente sales metálicas. No entanto, poden aparecer: en caso de proído e inflamación hai que acudir ao dermatólogo para identificar se a reacción é causa da tinta ou da crema cicatrizante.

**Ultimamente, subliñáanse tamén os seus interesantes usos médicos.** Hai hospitais de Europa que recuperan a mamila e aréolas mamarias mediante tatuaxes en 3D, con resultados espectaculares. Ademais, a maquillaxe permanente ten outras aplicacións sanitarias: é útil para corrixir determinadas cicatrices, a demarcación do beizo leporino, a vitilixie [despigmentación da pel que ocasiona manchas brancas] incluso a alopecia de cellas e pestanas ou na cabeza.

**Cal é o seu consello para alguén quere facerse unha maquillaxe permanente?** En primeiro lugar, informarse e meditar a decisión. Non convén deixarse levar polos impulsos e hai que escoller con tranquilidade o deseño. Ademais, é importante acudir sempre a un centro debidamente homologado polas autoridades sanitarias, e evitar custe o que custe poñerse en mans de afeccionados, intrusos ou casas particulares carentes do máis mínimo control sanitario.

**E ao elixir o maquillador persoal, como saber que é de fiar?** É moi importante asegurarse de que o maquillador estea profesional e artisticamente capacitado para facer a maquillaxe permanente desexado. E asegurarse de que usa as tintas homologadas e envasadas en frascos individuais dun só uso. Ademais de todo iso, convén tomar co móbil unha fotografía do frasco da tinta. Na etiqueta debe figurar a marca do fabricante, o número de rexistro sanitario, o índice de cor, a composición e o número de lote. Esta información é importante no caso de que xurda unha compli-

cación, e tamén será moi relevante para o dermatólogo.

**Aínda que, nalgún caso, pode aparecer inflamación e unha costra na zona...** Efectivamente, é a reacción inflamatoria aguda. Aparece inmediatamente logo de realizar a maquillaxe permanente. A pel ponse vermella, inchada e irritada. A súa intensidade varía en función da sensibilidade de cada pel. Esta inflamación é consecuencia do uso das agullas ou a tinta, pero non adoita ser grave. Incluso as reaccións que requiren atención médica son de escasa intensidade e resólvense en días ou, como moito, en dúas ou tres semanas.

**E como ocorre coa tatuaxe, hai quen se arrepiante de facer unha maquillaxe permanente?**

Si, ocorre cando o maquillador fixo un mal deseño ou se o resultado non é o desexado. Noutros casos o pigmento migra, móvese do seu lugar orixinal, cun resultado pouco estético. Este movemento da tinta resulta especialmente antiestético cando o perfilado dos ollos permanente se move cara ás pálpebras, creando unha forma de abanico. Con frecuencia, para rematar, só resiste unha parte do pigmento, nunha zona concreta, algo común no perfilado dos beizos porque existen distintos tecidos na zona. E o resultado non adoita ser estético.

**Nestes casos, podemos eliminar a maquillaxe permanente con facilidade?** Si, pódese eliminar. A técnica de borrado usa láseres en *modo Q-Switched* (con pulsos de luz intensa), os que empregamos para borrar as tatuaxes artísticas. Polo xeral, o borrado é máis sinxelo, xa que o pigmento é máis superficial: fan falta entre unha e cinco sesións para eliminarlo por completo, bastantes menos que na tatuaxe artística.

**Entón, recomenda facer unha maquillaxe permanente por simple capricho?** Estamos ante unha opción estritamente persoal, pero o meu consello é que esta sexa responsable, meditada e sen precipitarse. Resulta importante asesorarse e preguntar a persoas que o fixeron antes. É imprescindible confirmar que a persoa que o vai a facer está certificada e tamén que é un bo profesional desde o punto de vista artístico. Doutro xeito, o resultado pode ser un desastre.

\*Dermatólogo experto en tatuaxes e maquillaxe permanente.